

FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2013): *Estilística da lingua galega*. Vigo: Xerais, 572 pp.

Ao contrario do que acontece noutros países de fala galego-portuguesa, até hai pouco tempo o galego non dispuña de ningún traballo monográfico que tratase en profundidade cuestións relacionadas co potencial de expresividade da lingua. Neste sentido, cinco anos após a súa publicación, a *Estilística da lingua galega* de Xosé Ramón Freixeiro Mato (en adiante ELG) continúa a ser a única obra de referencia no ámbito galego dedicada exclusivamente ao estudo dos trazos estilísticos máis salientábeis e definitorios do noso idioma. Con todo, esta non é a primeira vez que Freixeiro Mato manifesta o seu interese nesta temática, pois son sobexamente coñecidos outros contributos en que o autor presta unha atención especial aos aspectos estilísticos. A este respecto, estamos a nos referir a traballos previos como a *Gramática da lingua galega* (2006) en catro volumes e *A lingua literaria galega no século XIX* (2005), entre outros, sendo este último o resultado dun proxecto de investigación en parceria co profesor Sánchez Rei e coa profesora Gorretti Sanmartín. Por conseguinte, a tomarmos por empréstimo as palabras do autor, a ELG constitúe un labor de sistematización e de fundamentación teórica dos aspectos expresivos do idioma, “co obxectivo de dotar a lingua galega dunha ferramenta de estudo de que outras linguas xa dispuñan desde hai anos” (p. 5). Así, se ben é certo que os autores desatenderon esta área de investigación durante décadas, a saída do prelo deste estudo tan exhaustivo canto pormenorizado contribúe grandemente para preenchermos ese oco tan notorio nos estudos filolóxicos e lingüísticos galegos, diminuíndo deste modo a desnecesaria distancia que se estableceu entre a nosa lingua e os idiomas da súa contorna.

Con este pano de fondo, e nun momento en que a estilística é albo de especial atención nas novas disciplinas, a ELG diríxese a todos os lectores e lectoras que quixeren ben coñecer,

ben profundar nas potencialidades expresivas contidas nos diferentes planos do galego. Cantto á súa estrutura, a obra consta de sete grandes seccións ou capítulos, coas súas correspondentes subdivisións, para alén dunhas extensas referencias bibliográficas (pp. 511-537), que, xuntamente coas fontes literarias (pp. 539-544) e cos índices onomástico (pp. 545-565) e de materias (pp. 567-572), conforman un extenso volume de case seiscentas páxinas. Igualmente, é necesario facermos referencia ao amplo sistema de notas no rodapé, destinadas a complementaren o corpo do texto por medio de información adicional sobre cuestións específicas, de esclarecementos no tocante á terminoloxía empregue etc. Por conseguinte, co fin de dar conta de todo isto, o discurso do autor, que parte dos conceptos e das ideas principais con que traballa a estilística, vai examinando de maneira ascendente os recursos estilísticos das diferentes unidades lingüísticas, para así finalizar co estudo dos elementos lingüísticos que funcionan no nivel textual e que repercuten no estilo.

Despois do exposto, e pasando á materia en debate, no primeiro capítulo, intitulado “Introdución” (pp. 5-18), Xosé Ramón Freixeiro Mato presenta as distintas motivacións que o conduciron a redixir a ELG, ben como os materiais que foron de proveito para a elaboración do libro. Outrosí, o autor expón os obxectivos do traballo, que abranxen desde o establecemento dun marco teórico firme a respecto das nocións de “estilo” e “estilística”, e a análise da lingua literaria en relación co estilo, até á vontade de contribuír para a conformación dun modelo de lingua máis auténtico e de calidade. Aliás, este capítulo inclúe a metodoloxía adoptada, que vai ser a da estilística lingüística, alén de ofrecer ao público lector unha revisión minuciosa e actualizada dos estudos sobre estilística no sistema literario galego-portugués.

A segunda parte, chamada “A estilística: definición, clases e relacións” (pp. 19-72), constitúe unha excelente introdución ás múltiples cuestións que o autor coloca ao longo das páxinas deste volume. Así, esta sección fornece unha aproximación teórica xeral aos conceptos de “estilo” e “estilística”, ao mesmo tempo que proporciona unha visión clara e abrangente das diversas abordaxes adoptadas polas diferentes escolas de pensamento na pasada centuria. Neste sentido, o autor define o estilo como “o conxunto de trazos lingüísticos que confiren unha expresión distintiva e peculiar a unha produción verbal humana”, de forma que a estilística vén corresponder á “investigación sobre os recursos expresivos que posúe a lingua nos diferentes planos e nas súas múltiples manifestacións” (p. 25). Non obstante este feito, Freixeiro Mato pon a tónica na falta de consenso a respecto da definición e delimitación dos conceptos antecitados, ben como na inexistencia dun método rigoroso capaz de garantir á estilística a condición de ciencia. Para alén destes aspectos, este capítulo tamén analiza a estreita relación entre esta disciplina e a sociolingüística e a gramática, así como o vínculo deste ramo do coñecemento co xénero e co rexistro. Canto ao primeiro punto, Freixeiro Mato define a sociolingüística como “o estudo da lingua analizada no seu contexto social, co obxectivo de explicarmos a variabilidade lingüística e a interrelación entre factores sociais e fenómenos lingüísticos” (p. 39). Así, a relación entre a estilística e a sociolingüística tórnase evidente, pois as linguas dan orixe a estilos de fala diferenciados en función das características específicas da situación e do contexto de uso. No caso concreto da Galiza, o conflito lingüístico existente desde hai máis de cinco séculos privilexiou a mestura de linguas e a alternancia de códigos, polo que, ao tratarmos de cuestións estilísticas, non se pode ignorar o contexto sociolingüístico en que os textos son producidos e recibidos, xa que este mesmo contexto diglósico afecta tanto a súa interpretación como o seu significado, interferindo deste modo no seu funcionamento como produto estético. Nesta mesma liña, a relación existente entre estilística e gramática tamén merece ser referida, pois é este ramo da lingüística o encargado de proporcionar as directrices necesarias para a organización do estudo estilístico das diferentes linguas. Por esta razón, non é de estrañarmos que todos os estudos de gramática incorporen, dun modo ou doutro, a estilística nas súas páxinas.

O terceiro capítulo, “A grafoestilística” (pp. 73-80), que é o máis breve dos que compoñen este traballo, aborda cuestións relacionadas co aproveitamento estilístico-expresivo da grafía. Neste contexto, o autor concéntrase en aspectos como a ortografía e a disposición do espazo nos textos, visto que, so determinadas circunstancias, poden adquirir connotacións expresivas. Estamos, por tanto, a nos referir a fenómenos como o incumprimento intencionado das regras ortográficas ou o afastamento das pautas tradicionais no que di respecto á distribución dos textos en prosa ou en verso. Desta forma, recursos estilísticos como a alteración das maiúsculas e minúsculas, a ausencia de signos de puntuación e a disposición gráfica en forma de anagrama, entre outros, cumpren en certos textos unha importante función estilístico-expresiva. Para alén diso, convén notarmos que este capítulo marca o comezo dun diálogo entre lingua e literatura que vai proseguir sen interrupcións durante toda a obra. Así, a través dos innúmeros exemplos que inclúe cada sección, a ELG conxuga aspectos literarios e lingüísticos como se fosen as dúas faces dunha mesma moeda.

Por súa vez, o capítulo a seguir, que ten por título “A fonoestilística ou estilística do son” (pp. 81-113), céntrase, a retomarmos as palabras do autor, no estudo da función “expresiva da lingua, exercido nos niveis fonolóxico, lexical e sintáctico” (p. 81). Neste sentido, á parte da súa función distintiva, os fonemas e os trazos suprasegmentais desempeñan un importante labor expresivo debido ás súas propiedades de timbre, duración, altura e intensidade. En relación con este punto, Freixeiro Mato fai referencia á capacidade que posúen algúns sons para evocaren certas representacións mentais non auditivas a través da expresividade dos fonemas tanto vocálicos canto consonánticos. Esta evocación de sensacións inaudíbeis, denominada fonosimbolismo, xuntamente co potencial de recursos de expresión como a onomatopea, a aliteración, e mesmo a gheada e o seseo, entre moitos outros, tórnase unha parte integrante da fonoestilística que, como demostra o autor, cómpre termos en consideración.

Mudando de asunto, mais intimamente relacionado co exposto previamente, a quinta epígrafe en que se divide o traballo de Freixeiro Mato, que é considerabelmente máis extensa que as anteriores, conságrase exclusivamente ao estudo da rendibilidade expresiva

das palabras. A este respecto, “A estilística da palabra” (pp. 115-350) fai un percurso pola inesgotábel potencialidade expresiva destas unidades lingüísticas, abranxendo na súa análise tanto as palabras gramaticais canto as de natureza lexical, e prestando particular atención á expresividade decorrente dos aspectos semánticos e morfolóxicos. Téndomos en conta o que precede, fica claro que son moitos os puntos que merecen especial destaque nesta ocasión, a comezarmos pola perfecta sintonía que se establece entre lingua e literatura. Nesta mesma orde de ideas, no que di respecto ás palabras gramaticais, o autor considera a grande rendibilidade expresiva dos pronomes persoais átonos, dos demostrativos e dos posesivos, pois diversos factores como a súa presenza ou ausencia, a súa posición e o tipo de construcións de que fan parte constitúen, en moitos casos, unha opción estilística que repercute na expresividade do texto. Neste sentido, cómpre destacarmos a función expresiva do dativo de solidariedade, xa que, a pesar do seu carácter principalmente oral e coloquial, é un trazo propio do galego que sempre estivo e continúa a estar moi presente tanto na lingua popular como na literatura. É igualmente digna de nota a rendibilidade expresiva dos pronomes interrogativos e exclamativos, “por concentraren en si propios a forza intensiva e emocional como elementos tonificados” (p. 144). Algo semellante acontece cos pronomes identificadores, e nomeadamente co artigo, dado que, para alén dos seus diversos usos e valores na lingua, contribúen para cohesionaren os textos, ben como para evitaren constantes recorrencias. Por súa vez, no tocante ás palabras gramaticais invariábeis, Freixeiro Mato estuda a relevancia do punto de vista estilístico das preposicións e das conxuncións, aínda que, indubidabelmente, dispensa unha atención especial aos adverbios, pois, alén de admitiren diferentes posicións dentro do enunciado, algúns mesmo toleran a sufixación apreciativa en *-iño* ou, no caso dos adverbios pronominais e presentativos, poden funcionar como deícticos textuais. Por último a este respecto, convén notarmos o grande compromiso do autor co uso dun galego de calidade, que se torna evidente non só na ELG, mais é unha constante en todos os seus contributos. Así, se ben é certo que este volume se centra na análise dos trazos lingüísticos autenticamente galegos, como é o caso, por exemplo, do futuro de subxuntivo e dos infinitivos flexionado e

xerundial (“Trazos de estilo no uso das formas verbais”, pp. 311-350), non por iso ignora os trazos negativos que desnaturalizan o idioma, como acontece nas seccións que teñen por título “A preposición *a* co complemento directo” (pp. 178-180), “Castelanismos” (pp. 213-217) e “Sinonimia, diglosia e estilo” (pp. 234-237). Noutra orde de ideas, as palabras lexicaais, entre as cales se inclúen os nomes substantivos e adxectivos, os verbos e os adverbios formados a partir de nomes, posúen unha capacidade expresiva maior que a das palabras gramaticais, nomeadamente polo feito de acordaren “en nós unha determinada representación que pode resultar evocadora de imaxes, sensacións ou sentimentos” (p. 193). Nesta subepígrafe, é interesante salientarmos as páxinas dedicadas ás “Palabras evocativas” (pp. 207-220), onde Freixeiro Mato analiza o efecto estilístico dos dialectalismos, dos arcaísmos, dos estranxeirismos e das xirias, pondo a tónica, no entanto, na función estilístico-expresiva dos castelanismos, que, con certeza, se fai preciso atenuar se quixermos garantir a sobrevivencia do galego. Outrosí, é de grande proveito a sección intitulada “Rendibilidade expresiva dos diminutivos” (pp. 267-282), en que o autor considera o potencial estilístico do sufixo *-iño/-iña* con base nas tres funcións básicas que desempeñan os diminutivos: a representativa, a expresiva e a apelativa.

A sexta parte, que ten por título “A estilística do enunciado” (pp. 351-407), explora todos aqueles fenómenos expresivos que se vinculan á oración, considerando a este propósito o enunciado ou oración como “unha unidade lingüística de comunicación que pode estar formada por unha cláusula, por unha frase ou mesmo por unha palabra, sempre que estas unidades expresaren un significado completo” (p. 351). Neste sentido, concordamos co profesor Freixeiro Mato cando afirma que “é sen dúbida na sintaxe onde mellor se pode pór en relevo a capacidade creadora da persoa que fala ou escribe” e, por conseguinte, tamén a rendibilidade estilística da lingua, pois, en moitos casos, os desvíos xerados no uso das normas sintácticas poden dar orixe a “verdadeiras innovacións estilísticas” (p. 353). Máis unha cuestión que cómpre ser citada é o valor expresivo dos verbos, xa que determinan o tipo de complementos susceptíbeis de ocorrer na cláusula e, aliás, adoitan admitir diferentes clases de construcións, algunhas delas realmente expresivas e xenuinamente galegas.

Así, como refire o autor na sección epigrafada como “O verbo e os seus complementos” (pp. 357-360), resultan especialmente expresivas as estruturas en que os verbos transitivos admiten a dupla construción con complemento directo e con suplemento (*Apañar as patacas/Apañar nas patacas*), tendo esta última un matiz enfático, para alén de constituír un trazo diferencial a respecto do español que convén potenciarmos. Do punto de vista estilístico, un outro aspecto que queríamos destacar é o potencial expresivo que decorre da extensión das cláusulas e dos enunciados, pois tanto a utilización preferente de segmentos máis breves ou máis longos como o gosto pola súa combinación afecta a comprensión e o ritmo do discurso, ben como os seus valores expresivos. Algo semellante acontece con “A orde de palabras” (pp. 371-391), pois, tal como se esclarece nesta epígrafe, a orde xeral dos constituíntes da cláusula, a posición dos clíticos e a colocación do adxectivo na frase nominal, entre outros, deixa unha grande marxe de liberdade individual que é adoito aproveitada para fins estilísticos. Neste contexto, aspectos como a topicalización ou a focalización das unidades lingüísticas, a relativa flexibilidade na colocación dos clíticos e as múltiples posibilidades combinatorias arredor dos nomes substantivos e adxectivos repercuten directamente na expresividade e na estilística do enunciado.

O sétimo e derradeiro capítulo, chamado “A estilística do texto” (pp. 409-509), conságrase ao estudo dos distintos elementos que funcionan no nivel textual e que se reflicten no estilo. Para esta finalidade, ao longo das diferentes epígrafes que conforman esta parte, Freixeiro Mato fai fincapé en aspectos como a obxectividade ou subxectividade do discurso, as formas de tratamento, a polifonía e as modalidades textuais ou a intertextualidade, entre outros, que, embora de maneira distinta, enriquecen expresivamente o texto. Unha cuestión non menos importante que as anteriores é “A expresividade de certos recursos pragmáticos” (pp. 429-434), título que remite para a sección 7.5. Nestas páxinas, o autor reflicte sobre a relación que se establece entre a estilística e a cortesía, as formas de tratamento, o vocativo e a apóstrofe, todos eles recursos de grande potencial expresivo que se manifestan, nos dous primeiros casos, a través de certos sufixos apreciativos, dos deícticos sociais e das fórmulas de tratamento, e, nos restantes, por medio de marcadores discursivos de control de

contacto e das interxeccións. Igualmente, no que di respecto ao funcionamento das “Figuras retóricas no nivel textual” (pp. 434-446), é de salientarmos a grande rendibilidade expresiva do discurso irónico, presente tanto na lingua en xeral como nos textos literarios. Neste sentido, a ironía exige que o autor e o lector fagan parte do mesmo xogo lingüístico, isto é, un xogo en que o lector ou lectora “debe interpretar de forma correcta a mensaxe alén da súa literalidade” a partir dos seus recursos contextuais e do seu coñecemento do mundo (p. 437). Xa para completarmos esta breve panorámica da estilística do texto, convén facermos referencia á sección intitulada “Os xéneros e as modalidades discursivas” (pp. 446-479), en que, a través de inúmeros exemplos rigorosamente escollidos e moi ilustrativos, Freixeiro Mato analiza pormenorizadamente os diversos xéneros e tipoloxías de textos, tendo en conta as súas características propias e a súa directa vinculación co estilo.

En definitiva, a *Estilística da lingua galega* constitúe un contributo único de grande valor no ámbito lingüístico e mesmo literario. Para concluírmos estas liñas, non podemos máis do que parabenizar o autor polo rigor, a dedicación e o compromiso coa lingua que se reflicte nestas páxinas. Así pois, cunha exposición clara e coherente dos contidos, Freixeiro Mato constrúe un discurso elocuente e ben fundamentado que consegue pór no papel todos os valores expresivos propios do noso idioma. Resta apenas dicirmos que, certamente, este libro constitúe a ferramenta de análise que o galego viña necesitando desde hai moito tempo, non só do punto de vista teórico, mais tamén do práctico, xa que o prestixio e o futuro do galego dependen grandemente do coñecemento e subsecuente potenciamento de todos estes trazos estilísticos que, felizmente, o profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato pon agora ao noso dispor.

Referencias bibliográficas

- Freixeiro Mato, Xosé Ramón; Xosé Manuel Sánchez Rei e Goretti Sanmartín Rei (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006): *Gramática da lingua galega*. Vigo: A Nosa Terra, 4 vols.

María Fernández Zas
Universidade da Coruña
maria.fernandez.zas@udc.es